

# Boletín de inscripción

Nome e apelidos da persoa concursante ou colectivo:

.....

No caso de colectivos, **nomes** e apelidos das persoas **responsables**:

.....

.....

.....

Tel. .... Enderezo electrónico .....

No caso de que vostede sexa representante dun colectivo, mediante a sinatura e presentación deste formulario declara, baixo a súa responsabilidade, que dispón de todos os permisos e autorizacións outorgados por cada unha das persoas integrantes do colectivo –ou, no caso de menores de idade, por titulares da súa patria potestade– para a participación no presente concurso e para a aceptación, no nome dos devanditos integrantes, das presentes bases.

Se opta aos premios para Beléns construídos en colectividade por menores de 16 anos, marque unha aspa no seguinte cadro:

Sinatura: .....

Localidade: ..... a ..... de ..... de 2019

1. Os datos de carácter persoal achegados polas persoas concursantes trataranse conforme o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, coa finalidade de se utilizar para a realización de cantas xestións sexan necesarias para o desenvolvemento do concurso, a publicación das persoas gañadoras e posterior entrega dos premios. Neste sentido, as persoas participantes declaran e expresan o seu consentimento para a publicación do nome das persoas participantes en calquera actividade pública de difusión do concurso e os seus actos publicitarios. A base de lexitimación dos tratamentos serán, por unha banda, o consentimento libremente expresado no formulario de participación así coma o interese lexitimo de Afundación como organizador. Os datos serán gardados o tempo necesario para cumprir cos requirimentos legais esixidos. Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e portabilidade, que poderán exercerse dirixindo un escrito, previa acreditación da personalidade, a: Comité de Protección de Datos e Privacidade, Santo Andrés 135-137, 2º andar, 15003 A Coruña, por algunha das dúas seguintes vías: correo electrónico a [lopd@afundacion.org](mailto:lopd@afundacion.org); ou carta ao enderezo antes mencionado. O dito consentimento e autorización é un requisito indispensable para a participación no concurso e, no seu caso, a recepción dos premios. Cada unha das persoas participantes e/ou gañadoras comprométese a asinar con Afundación calquera documento en desenvolvemento das presentes bases.

2. Afundación reconecerá sempre e en todo caso a autoría das obras. @s autores das obras premiadas ceden os seus dereitos de explotación para a publicación, reprodución ou distribución da obra e/ou imaxes das mesmas, con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que poida derivarse.

3. As persoas participantes e as persoas gañadoras autorizan Afundación a que, a efectos da difusión das actividades do concurso e da concesión dos premios, poidan obter mediante fotografía e/ou vídeo e difundir gratuitamente a imaxe física e/ou voz das mesmas; en consecuencia, consenten expresamente que, a efectos da referida difusión, Afundación obteña, trate, reproduza, distribúa e/ou comunique publicamente por calquera medio ou formato, a imaxe física e/ou voz.

4. A aceptación das presentes bases, e a concesión das autorizacións que nas mesmas figura, é un requisito indispensable para a participación no concurso e, no seu caso, a recepción dos premios. Cada unha das persoas participantes e/ou gañadoras comprométese a asinar con Afundación calquera documento en desenvolvemento das presentes bases.

Non desexo recibir información publicitaria ou promocional.  
\* É imprescindible cubrir todos os datos.

**//Afundación**  
Obra Social ABANCA

Sala de Exposicións Teatro Afundación  
Rúa Reconquista, s/n  
986 120 078

## HORARIO DA EXPOSICIÓN

12 e 13 de decembro de 17.00 a 20.30 h  
14 de decembro a 5 de xaneiro de 11.00 a 14.00  
e de 17.00 a 20.30 h

25 de decembro e 1 de xaneiro, pechado  
5 de xaneiro, pechado pola tarde

[afundacion.org](http://afundacion.org) | [f Afundación](https://www.facebook.com/Afundacion) | [@Afundacion\\_org](https://twitter.com/Afundacion_org)

# Boletín de inscripción 54 Concurso de Beléns



**//Afundación**  
Obra Social ABANCA

# Bases

A Fundación Galicia Obra Social, («Afundación», a seguir) con NIF G 70270293 e domicilio social en Cantón Grande, 8, da Coruña; convoca a edición 54 do Concurso de Beléns.

## Participantes

Poderán concorrer a este concurso:

1. Persoas físicas maiores de idade.
2. Os colectivos de persoas físicas integrados por escolares, asociados de entidades culturais e/ou sociais que outorguen a súa representación a unha persoa física maior de idade a efectos do presente concurso.

Ademais, as referidas persoas teñen que ser (I) residentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e (II) aceptar integramente as presentes bases.

Cada inscrición é válida para un único Belén.

## Materiais e medidas

O conxunto artístico do Belén, ou Sagrada Familia, deberá estar montado sobre un taboleiro de madeira ou superficie ríxida de 1 metro por cada lado. Os materiais e elementos que se utilicen para a súa confección serán libres.

## Inscricións

As inscricións formalizaranse a través do formulario habilitado na páxina web [afundacion.org](http://afundacion.org) ou no que encontrará no documento anexo. Neste último caso, deberase remitir por correo postal ou calquera outro medio a Sede Afundación, Policarpo Sanz, 26 – 36202 Vigo.

A data límite de recepción das inscricións será o 22 de novembro de 2019. É imprescindible cubrir todos os datos do formulario xa que noutro caso a inscrición non será válida.

## Lugar, data de presentación e retirada

Os Beléns deberán ser colocados por persoas da súa autoría ou representación, na localización que se lles asigne por Afundación na Sala de Exposicións do Teatro Afundación en Vigo (Rúa Reconquista), os días 29 e 30 de novembro de 2019, de 10.00 a 14.00 h e de 17.00 a 20.30 h. A retirada de Beléns da citada sala deberá efectuarse necesariamente o 7 de xaneiro de 2020, de 12.00 a 14.00 h e de 17.00 a 20.30 h ou o 8 de xaneiro de 2020 de 12.00 a 14.00 h. No caso de que non se retiren consonte queda especificado, Afundación quedará cos Beléns e as persoas participantes perderán calquera dereito sobre eles.

## Cualificación

Un xurado designado por Afundación valorará especialmente a confección das figuras presentadas, a composición do conxunto, orixinalidade, unidade de estilo, grao de dificultade e execución.

En particular, o xurado prestará especial atención a aqueles Beléns que destaquen pola súa innovación, introducindo elementos das novas tecnoloxías, así como aqueles que recollan unha mensaxe ecolóxica de sostibilidade medioambiental.

O xurado reserva o dereito a rexeitar aqueles Beléns que, ao seu xuízo, non acaden un mínimo de calidade artística, non encaixen nas finalidades da convocatoria, superen as dimensións establecidas ou se consideren inadecuados para o público infantil.

A clasificación dos premios efectuarase antes de inaugurar a exposición dos Beléns e o fallo do xurado será inapelable.

Afundación reserva o dereito a publicar, difundir ou reproducir imaxes dos Beléns premiados, sen ningunha limitación por parte das persoas creadoras, máis ca o recoñecemento da autoría dos mesmos.

## Premios

Establécense os seguintes premios:

Primeiro: 900 €  
Segundo: 480 €  
Terceiro: 300 €

Para os Beléns elaborados por colectivos de persoas menores de 16 anos de idade establécense os seguintes premios:

Primeiro: 180 €  
Segundo: 150 €  
Terceiro: 120 €

Así mesmo, o xurado poderá outorgar ata un total de 10 accésits de 60 € a autor@s daquelas obras que, ao seu xuízo, o merezan. Estes premios non serán acumulables cos anteriores.

O xurado reserva a posibilidade de deixar deserto algún dos premios.

O importe dos premios estará suxeito á correspondente retención a efectos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, de acordo coa lexislación vixente. Neste sentido, a persoa ou persoas premiadas deberán facilitar a Afundación o seu nome e apelidos, NIF e domicilio fiscal.

## Premio do público

Ademais, outórgase un «Premio do público», é dicir, un premio ao Belén que obteña mellor puntuación mediante votación pública, ata o 27 de decembro de 2019, a través do perfil de Facebook de Afundación: [www.facebook.com/Afundación](http://www.facebook.com/Afundación). A persoa gañadora deste premio do público recibirá un diploma acreditativo e un obsequio, e será identificada como tal na exposición.

## Exposición ao público

Os Beléns expoñeranse ao público desde o día 12 de decembro de 2019 ata o 5 de xaneiro de 2020, inclusive.

Todo o non previsto nas presentes bases será resolto por Afundación consonte o seu criterio.

Pegue aquí  
o selo

**Sede Afundación Vigo**  
Policarpo Sanz, 26  
36202 VIGO